



PROTEXAMOS A CLASE TRABALLADORA, NON O CAPITAL

Por unha Galiza soberana e con futuro



O 1º de Maio foi de sempre para a CIG unha data de reivindicación da clase traballadora galega. Este ano 2020, ante a situación que estamos a vivir, máis que nunca temos que facer escoitar as nosas demandas. Por iso, chamamos a un 1º de Maio combativo para esixirmos políticas que garantan os nosos dereitos como clase traballadora, o benestar das maiorías sociais, pero tamén a autodeterminación, a soberanía dos pobos e nacións para construír un mundo que está moi necesitado de solidariedade, cooperación, igualdade e paz.

O COVID-19 ataca a poboación en xeral, pero o seu impacto discrimina entre persoas ricas e pobres, non afecta por igual a todas ás clases sociais. Hoxe existen grandes niveis de desigualdade económica e inxustiza social, que son consecuencia das devastadoras políticas neoliberais aplicadas desde a crise financeira.

A crise sanitaria converteuse nunha crise económica e social. Ten lugar nun momento no que xa estabamos dentro dunha recesión económica, polo que non podemos permitir que desta nova crise neoliberal este sistema pretenda recuperarse do seu fracaso, de tanta adoración do privado e criminalización do público, cun novo saqueo á clase traballadora.

En Galiza afrontamos esta realidade cando estabamos de cheo nunha crise social, industrial, demográfica que xa de por si tiña o impacto dunha situación de emerxencia nacional e social.

Ante este panorama, temos que denunciar que a xestión da crise sanitaria polos gobernos galego e español vai na dirección contraria a unha saída xusta para a clase traballadora e para o pobo galego. Por riba, todos os decretos de estado de alarma aprobados deixan en suspenso as xa de por si limitadas

competencias e capacidades de Galiza, pero esta recentralización a favor de Madrid serve de escusa perfecta ao Goberno de Feixoo para tapar o seu proxecto ruinoso para o noso país, baseado nun modelo dependente e antigalego, reaccionario e privatizador da sanidade pública e da atención ás persoas

maiores. Nesta crise xoga a ampliar o caos, o abuso patronal e a inseguridade para quen traballa, ao tempo que fai anuncios de medidas que só responden ao seu obsesivo interese electoralista.

**A crise sanitaria
converteuse nunha
crise económica
e social.**



1º DE MAIO

día internacional
da clase obreira

1º de Maio

Por unha Galiza soberana e con futuro



Feixoo fai electoralismo coa crise

Cómpre denunciarmos que Feixoo tamén favoreceu co atraso da aprobación dos ERTE que as persoas traballadoras non puidesen cobrar en abril. E que agora quere aparecer como salvador ofrecendo créditos a quen lle negou o cobro do salario, demostrando así o miserábel que é facendo electoralismo co pan das traballadoras/es e as súas familias.

En calquera caso, a día de hoxe, as medidas tomadas polos diferentes gobernos teñen demostrado unha maior e descarada preocupación pola saúde da economía que pola saúde da poboación. Así o vimos cando se negaron a parar todo, agás as actividades esenciais, pola emerxencia sanitaria, ou no escaso control para

garantir un traballo en condicións seguras para os sectores en activo. Ademais, nesta crise viuse, unha vez máis, que as profesións feminizadas resultaron servizos esenciais e imprescindíbeis para o sostén da vida, pero seguen a estar desvalorizadas, desenvolvéndose en condicións de precariedade e inseguridade.

Non ás políticas que empobrecen e poñen en risco a nosa saúde

Non podemos permitir que se siga enfrontando esta crise con políticas que empobrecen máis a maioría do pobo e poñen en risco permanente a nosa saúde, mentres o capital segue marcando as decisións, sen garantías dos dereitos humanos fundamentais, dunha protección social plena e dun emprego e salarios dignos.

Chama a atención, en cambio, que si son áxiles os gobernos para aproveitárense do estado de alarma para confinar os nosos dereitos e as liberdades públicas e democráticas.

Todas as medidas económicas e laborais aplicadas son inxustas e insuficientes, e nacen das reformas laborais de 2010 e 2012, as cales no canto de se derogaren están sendo duramente reutilizadas en novas versións acordadas no tóxico diálogo social que escandalosamente practican UGT, CCOO, a Patronal e o Goberno.

De igual xeito se comproba que non teremos futuro digno se continúan en vigor, se non son derogadas xa as reformas laborais e sociais e revertidas as privatizacións de servizos

públicos, especialmente na sanidade e no coidado de maiores. Seguiranse acumulando os estragos entre a clase traballadora galega polo avance da precariedade, da pobreza laboral, das discriminacións de xénero e do dismantelamento dos sistemas públicos de protección social.

O dano no emprego e na caída dos salarios é total por varias vías (tamén foi enganosa e inaplicábel a prohibición de despedimentos porque xa non había a quen despedir): o fomento dos ERTE -fórmula perversa e, en moitos casos, fraudulenta-, os despedimentos de centos de miles de temporais e mesmo indefinidos sen ter recoñecidas compensacións nin axudas, a imposición indiscriminada de teletraballo sen dereitos ou a imposición de reducións do 100% do salario para poder atender aos coidados da poboación vulnerable, etc. A esta realidade engádese a demora no cobro e a incerteza do que se vai cobrar, sen resolverse a día de hoxe, e sen habilitar mecanismos extraordinarios.

Conquistando unha Galiza soberana e con futuro

Galiza é unha nación e, hoxe máis que nunca, é necesario deixar atrás o centralismo e as políticas neoliberais, avanzando no noso dereito a decidir, para sermos quen de levar adiante todas as políticas públicas que son necesarias, asegurando un financiamento público, vía impositiva ás grandes fortunas e ás grandes empresas, promovendo a intervención pública de sectores estratéxicos da economía, hoxe en mans privadas (banca, eléctricas, etc.).

A prioridade debe ser concentrar todos os recursos en favor das maiorías sociais, na saúde da poboación e non no interese do capital e, así, facer posíbel que poidamos vivir e traballar dignamente na nosa Terra.



Confederación Intersindical Galega

Día internacional da clase obreira